
Se o vós por ben teverdes: a interpolación pronominal en galego
Xosé Manuel Sánchez Rei (Edicións Laiovento, 1999).

O verso da cantiga de Alfonso X que dá título a este libro ilustra perfectamente o fenómeno sintáctico nel estudado, a posibilidade que ofrece a lingua galega de inserirmos, entre un pronome persoal átono en posición proclítica ou ancilítica e o verbo do que este depende, unha variada gama de elementos de diferente natureza morfolóxica e funcional, sempre que un deles, polo menos, sexa tónico. Este trazo idiomático, que non fora até agora obxecto dun tratamento monográfico por parte dos lingüistas galegos, é abordado neste estudo con grande competencia e minuciosidade, como demostra a amplitude e variedade da documentación examinada, o perfecto coñecemento da bibliografía gramatical antiga e moderna sobre o particular e o rigoroso exame crítico a que se somete cada ocorrencia.

O autor principia por trazar, a modo de introdución, un cadro da organización paradigmática do subsistema dos pronomes persoais e dos seus principais usos e funcións, a que segue unha detallada exposición das condicións que regulan a colocación dos pronomes persoais átonos na cláusula. A continuación, pasa a definir e describir esta peculiar ordenación sintáctica nos termos que antes expuxemos, insistindo no seu carácter dobremente marcado fronte ás condicións regulares de colocación pronominal, que son a énclise e a contigüidade coa forma verbal rexente.

Con respecto ás orixes da interpolación, o autor constata que no latín clásico é posíbel encontrarmos secuencias sintácticas en que median diversos elementos entre a forma pronominal e o verbo, mais formula correctamente tres reservas á hipótese dunha relación xenética directa entre este ordenamento e o característico do galego: a natureza tonal –non intensiva– do acento do latín antigo, o grao maior de liberdade para ordenar os constituíntes dos enunciados que permite a lingua do Lacio e o rexisto literario dos textos. Certamente, se reparamos no funcionamento prosódico dos pronomes persoais monosilábicos, non parece que as formas *me*, *te*, *se* tivesen a condición de clíticos en latín nin tampouco que os falantes da antigüidade tendesen a dispor estas con regularidade en posición contigua ao verbo rexente. Mais sobre isto voltaremos despois.

Na procura de ocorrencias do fenómeno en textos latinos máis tardíos, en que o primitivo acento tonal fora xa substituído por un acento intensivo, o autor rexista dous exemplos de ámbito galego, un pertencente ao *Itinerarium Egeriae* (s. IV) e o outro, a un documento notarial do ano 1127. Estes resultan suxestivos, aínda que de escaso valor probatorio, primeiramente pola súa acusada limitación numérica, mais sobre todo polo feito de que o primeiro se data nunha época onde non temos

a certeza de que o reflexivo se comportase a efectos prosódicos como clítico, mentres que e o segundo se adscribe a un rexisto de expresión escrita netamente formulario e afastado da modalidade oral. Agora ben, coincidimos co autor na idea de que sería conveniente explorarmos a fondo a documentación latina medieval de Galiza, a literaria, a epigráfica e a documental, para tratarmos de encontrar neste e noutros apartados as liñas de continuidade que sen dúbida existen entre o latín e o galego medieval.

Polo que atinxe ás causas da interpolación, a explicación proposta por Ramsden parécelle ao autor a máis convincente. Segundo esta, a estruturación que nos ocupa obedece a un duplo proceso de atracción, a que exercen sobre o pronome átono aqueles elementos que determinan a súa posición proclítica, os chamados “exordia” (conxuncións, pronomes ou adverbios relativos, etc), e a que simultaneamente exerce a forma verbal sobre o elemento intercalado, que ficará con ela en estrita unión funcional. Agora ben, razoa o autor, posto que os elementos máis frecuentemente inseridos ao longo de todas as épocas son o adverbio *non* e os pronomes persoais tónicos, é verosímil supormos que o fenómeno da interpolación principiase por estas categorías, estendéndose analoxicamente a partir delas a outras moitas, como por exemplo, frases nominais e preposicionais desempeñando funcións sintácticas diversas, formas infinitas do verbo, adverbios, cláusulas enteiras, etc. A casuística completa dos *exordia* e a dos elementos intercalares nas diversas etapas da historia da lingua galega vén recollida nas páxinas 104-119 (época medieval); 129-130 (séculos XVI, XVII e XVIII); 133-136 e 139-140 (século XIX) 163-165 (época actual).

De grande interese é así mesmo a revisión do tratamento dispensado ao fenómeno da interpolación na tradición dos estudos gramaticais galegos e portugueses. A gramática de Saco Arce (1868) é a primeira que dá conta destas estruturas, cualificadas de moi elegantes e exemplificadas mediante citas de cantares tradicionais, o que pode constituír un indicio da súa vitalidade na época. En xeral, os lingüistas coinciden en comentaren que aquelas son típicas do galego e confiren ao texto unha certa enxebreza, mais tamén advirten que o seu uso está en retroceso, sobre todo nas cidades. Por outra parte, os exemplos achegados son maioritariamente de textos poéticos medievais ou tradicionais, o que fai pensar que a interpolación tivo unha maior rendibilidade nos estadios antigos da lingua, mais tamén, dende outro punto de vista, que tendeu a ser usada con fins expresivos, entre os que podemos contar as propias necesidades métricas e rítmicas dos poetas. Do exame da doutrina gramatical relativa ao portugués se extrae a conclusión de que as estruturas con interpolación teñen, en xeral, pouca rendibilidade e presentan unha variedade menor que en galego, limitándose practicamente á posibilidade de inserción do adverbio *não*. Non se rexistan en absoluto na variedade brasileira.

Oportunamente segue a este capítulo un rápido achegamento ao fenómeno da interpolación nas restantes linguas romances. Consoante coa afirmación de Meyer-

Lübke, o autor constata que as construcións interpoladas foron comúns a case todas as linguas neolatinas na súas fases iniciais, ficando documentación nos textos medievais casteláns, asturo-leoneses, franceses, italianos e romenos; non, en cambio, nos cataláns nin nos provenzais.

A segunda parte do estudo está consagrada ao seguimento diacrónico da interpolación na lingua galega. Na Idade Media rexístanse numerosos exemplos, máis abundantes no verso que na prosa e, dentro dos primeiros, máis nos cancioneros profanos –sobre todo nas cantigas de escarnio– que nos relixiosos. Os tipos de interpolación máis frecuente son a do adverbio *non*, a dos pronomes tónicos en función de suxeito e a combinación de ambos os dous, en frases como: *e se o nos non quyseremos*. A partir dos derradeiros anos do século XIV, a documentación poética vén ser acrecentada pola notarial ou tabeliónica, en que se rexistan secuencias interpoladas extensas e complexas, seguramente explicábeis pola artificiosidade estilística propia desta clase de textos, que ben poderían seguir pautas formularias herdadas do latín medieval.

No período que vai dende o século XVI ao XVIII o seguimento do fenómeno é, loxicamente, máis dificultoso, debido á escaseza de textos, principalmente de carácter poético. Porén, os exemplos achegados abundan para atestarmos, dun lado, a continuidade do uso, do outro, unha sensíbel redución da tipoloxía dos elementos inseridos, que se limitan aos pronomes tónicos e aos adverbios. A mesma situación se advirte nos textos portugueses, onde, por voltas do século XVII, a única forma que admite interpolación é o adverbio *não*.

Co rexurdimento das letras galegas no século XIX, os exemplos de estruturas con interpolación son algo máis abundantes e variados, tanto nas cantigas tradicionais como nos textos literarios en prosa ou en verso, mais a frecuencia relativa de aparición é ben menor do que se advirte na lírica medieval. Polo demais, aínda que algún gramático da época apunte que o fenómeno é frecuente na lingua popular, o certo é que seguen a ser os textos poéticos de factura máis coidada, por exemplo a lírica de Pondal, os que proporcionan un maior número de ocorrencias. Significativa é asemade unha certa proliferación dos usos agramaticais en determinados escritores do primeiro terzo do século XX, atribuíbel ben a un prurito hiperenxebriста, ben a unha deficiente asimilación do recurso.

Moi restrita é, así mesmo, a produtividade deste recurso na actualidade. As gravacións de campo permiten comprobar a súa pervivencia na fala dos grupos xeracionais de máis idade, pero estritamente limitada ao adverbio *non* e aos pronomes persoais tónicos en función de suxeito. Hai ademais evidencias de peso para sostermos que a interpolación conserva un maior vigor na área suroccidental de Galiza, dende a Baixa Lima até as rías de Vigo e Pontevedra. A súa presenza na literatura contemporánea ten unha representación cativa e desigual, sendo practicada ocasionalmente por

autores como Ferrín ou Neira Vilas, sobre todo en textos redixidos en estilo directo, pero estando case por completo ausente dos textos líricos non tradicionais.

Non escapan á atención do autor os motivos internos e externos que explican a regresión deste uso. Entre os primeiros, hai que partir do feito de que o ordenamento sintáctico que nos ocupa, ademais de ter un carácter facultativo, resulta ser, como antes se deixou apuntado, dobremente marcado fronte ás condicións regulares que rexen a colocación do pronome. Por outra parte, as estruturas con interpolación poden provocar certas complicacións articulatorias debido á acumulación de vocais en hiato en frases como: *xa a eu vin* e análogas. Entre os factores externos, cómpre termos en conta a presión exercida polo español sobre as diversas praxes lingüísticas do galego, pero asemade certa tendencia, propia de case todas as linguas románicas, á nivelación dos ordenamentos sintácticos que afectan á clase pronominal.

Unha serie de precisións relativas aos usos gramaticais da interpolación ocupa a sección final do libro. Merece particular atención a cuestión da frecuencia relativa dos chamados *exordia*, entre os que parecen especialmente rendíbeis as conxuncións, os pronomes relativos e algúns adverbios como *xa, aínda, tamén, nunca*. Tamén teño por relevante a constatación de que os pronomes que mellor admiten a interpolación son os que comezan por consoante: *lle, me, che, te, se*, etc, aínda que neste ponto entran necesariamente en consideración, como indica o autor, outras variábeis, principalmente o contexto fónico que anteceder o pronome e o maior predominio no discurso da primeira ou da terceira persoa.

O estudo conclúe cunha proposta de tipoloxización das variábeis formais da interpolación, que ten en conta non só os restritos usos actuais, senón tamén o máis amplo abano de posibilidades que coñeceu a lingua galega entre a Idade Media e o primeiro tercio do século XX. Esta recapitulación parécenos oportuna por canto proporciona un criterio sólido tanto para a avaliación da gramaticalidade dos exemplos pretéritos como para a regulación do uso activo da estrutura por parte dos falantes contemporáneos e futuros, entre os que se conta, por certo, o propio autor, que utiliza de xeito mesurado e elegante este recurso na súa praxe escrita.

Pola lectura das páxinas precedentes o lector xa terá comprobado a calidade científica do ensaio que estamos a comentar, xusto merecedor do premio *Carvalho Calero* na súa convocatoria de 1998, así como a oportunidade de abordar un trazo idiomático característico do galego, mais pouco tratado até agora polos estudos gramaticais.

Quixera rematar esta recensión cun apontamento relativo á cuestión das causas da interpolación e á dos seus antecedentes latinos. Como se recordará, unha das explicacións que se teñen dado ao fenómeno incide na vontade por parte do falante de marcar unha sorte de solidariedade semántica ou funcional entre o verbo e a forma interpolada por medio da colocación desta en contigüidade inmediata con

aquel. Por outra parte, como o autor sinala en varias ocasións, un dos tipos de elementos interpolados máis recorrentes, tanto en diacronía como en sincronía, é a clase dos adverbios, en particular a negación *non*. Pois ben, esta situación mantén, ao meu ver, un claro paralelismo cos feitos latinos. No latín de todas as épocas certos adverbios como os de modo e a negación *non*, sempre que vaian complementando a unha forma verbal, tenden a se dispor inmediatamente diante dela, até o punto de que a miúdo ambos os elementos chegan a se soldar en novas unidades léxicas compostas, como *benedico*, *maledico*, *benefacio*, *malefacio*, *nolo* (<* *ne-uolo*), *malo* (<**magis-uolo*), etc. Este principio vigora mesmo cando o verbo ten unha complementación pronominal, en exemplos como os seguintes

1. uideo recipere se senem; ille **me non** uidet (Plauto, *Aulularia*, 710)
2. ego **te non** noui (Plauto, *Menaechmi*, 296 e 324)
3. placuero huic Erotio, quae **me non** excludet ab se (Plauto, *Menaechmi* 670-671)
4. Di te et tuom erum perduint! **Me non** perdent. (Plauto, *Poenulus*, 863-864)
5. cur ego **te non** noui? (Plauto, *Captiui*, 985)
6. hunc hercle ad cenam ut uocem, **te non** uocem (Plauto, *Stichus*, 588)
7. quare ergo, inquit, **me non** basiauit? (Petronio, 24,6)
8. **me non** facias ringentem (Petronio, 75,6)
9. ego si **te non** inuenissem, periturus per praecipicia fui (Petronio, 94,11)
10. excusare coepit moram, quod amica **se non** dimisisset (Petronio, 136,11)

Con esta argumentación non pretendo suxerir que a interpolación pronominal do galego sexa unha estrutura derivada nin sequera análoga dos feitos latinos, posto que, como vimos, nesta lingua os pronomes persoais monosilábicos non parece que se comporten como clíticos. Agora ben, coído que hai razóns para pensarmos que, tanto en galego como na fase medieval de moitas das linguas romances, o principio de contigüidade entre o pronome átono e o verbo debeu entrar en conflito coa tendencia, herdada do latín, a situar certos adverbios modais inmediatamente antes da forma verbal a que van subordinados. Os falantes terían, pois, á súa disposición dúas ordenacións alternativas, que denominaremos provisoriamente *clise contigua*, *clise desprazada*. Mentres que outras linguas románicas desbotaron pronto a segunda destas, o galego e o portugués mantiveron ambas as dúas, ampliando mesmo a tipoloxía dos elementos intercalares, mais mantendo como marcada a *clise desprazada* e reservándoa, polo tanto, para fins expresivos, entre os que se poden contar tanto a feitura rítmica do enunciado no caso dos textos poéticos como a focalización ou, se se quer, a modulación enfática dos pronomes tónicos en función de suxeito.

Fernando González Muñoz